*Organiza:*

fundación 10 de marzo
sindicato nacional de cc.oo. de galicia

*Colaboran:*

CONCELLO DE SANTIAGO
Concellaría de Cultura e Centros Socioculturais

Asociación Cultural O GALO

# EXPOSICIÓN CONMEMORATIVA DOS 50 ANOS DO GALO

EXPOSICIÓN



do 15 de marzo
ao 19 de abril
2011

# «A PRIMEIRA DÉCADA DO CANTO DO GALO»

**A concelleira de Cultura do Concello de Santiago,
o presidente da Agrupación Cultural O Galo e
o presidente da Fundación 10 de Marzo**

**comprácense de que asista á inauguración
desta mostra que terá lugar
o martes día 15 de marzo ás 8 da tarde**




Díptico anunciador da primeira actividade do Galo

A mostra estará aberta
do 15 de marzo ao 19 de abril no local do Galo
(Praza de San Miguel 5, baixo, fronte a San Martiño
Pinario) en horario de tarde, entre as 6:30 e as 9.

Tras 50 anos de andaina colectiva, o Canto do Galo segue a musicar o noso idioma, a nosa Historia; a nosa Cultura, segue a musicar Galiza desde Compostela.

Pasaron 50 anos desde o nacente canto. E seguimos a cantar policromadamente á cultura galega. Seguimos a querer activar os galegos e galegas que conscientemente son coñecedores de que as persoas temos necesidade de contar cunha identidade propia para ser alguén. Témola os galegos, enraizada na nosa historia colectiva; da cidade e da Galiza.

Hoxe renovamos o canto con gañas de danzar e cantar con todos os santiagueses e santiaguesas, con todos os que están extramuros da cidade.

Amigas, amigos, que o canto do Galo floreza vibrantemente nos nosos sentidos. Brinquemos coa súa melodía facedora de persoas amorosas pola cultura, polo idioma, pola historia; polo xénero humano. Vida sempre, a quen vida nos dá.

Agardamos que gocedes con esta pequena mostra de 10 anos da nosa traxectoria que continúa hoxe chea de ilusión.

¡Canta, canta amado Galo!